

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 08 DE MAIO DE 2020

2.- Adopción de medidas en relación coa crise sanitaria provocada por mor da “COVID19” (fase de desescalada)

- Apróbase a actualización do **servizo de transporte urbano** no concello de Santiago de Compostela, atendendo ás fases de desescalada establecida. A dotación do servizo, actualmente do 32%, incrementarase, o próximo luns ata o 55%, nun proceso escalonado de volta á normalidade
 - Mantense un servizo continuo e de garantía nas liñas que cubren os centros hospitalarios, favorecendo os desprazamentos non so aos usuarios, se non ao conxunto do persoal sanitario. No resto de liñas establécense servizos que garantan os desprazamentos a primeira hora, á mediodía e á noite. **Os cambios serán de aplicación a partir do 11 de maio. De luns a venres laborables** quedarían da seguinte maneira:
 - Mantense as frecuencias nas liñas 12, C2 e C4, que atenden os hospitais.
 - Liña 1. Frecuencia de 20 m.
 - Liña 4. Frecuencia de 60 m. empezando ás 7:00 h. no Romaño e 7:30 h. nas Cancelas.
 - Liña 5. Frecuencia de 30-40 m. Adaptación das prolongacións a Hospital Provincial e Rocha Vella nas primeiras horas do día
 - Liña 6. Frecuencia de 30 m. Mantense o servizo das 6:00 h.
 - Liña 7. Suprímese o bus a Fornás, facendo o bus de Aríns a prolongación a determinadas oras. Suprímense servizos en franxas horarias de baixo uso. Servizo ao 50%.
 - Liña 8. Frecuencia de 60 m., pero empezando ás 7:00 h. en C. Vilares e ás 7:30 h. en Vidán. Adaptación das prolongacións ao tanatorio, reducindo os servizos a horas punta de mañá, mediodía e tarde
 - Liña 9. Horario de laborables en turno de mañá (1 bus con frecuencia de 60 m.) circulando de 7:30 h. a 15:30 h. (derradeira saída ás 15:00 h. da Cidade da Cultural.
 - Liña 13. Suprímese
 - Liña 15. Suprímese
 - Liña C5. Suprímese
 - Liña C6. Horario de laborables cun bus e unha frecuencia de 60 m.
 - Liña 11. Dous buses circulando mañá e tarde, en lugar dos 4 habituais, cunha frecuencia de 20 m. Engádense dúas saídas máis a primeira hora para o acceso aos postos de traballo.
 - Liña P1. Horarios normais dun sábado
 - Liña P2. Horarios normais dun sábado.

- Liña P3. Horarios normalis dun domingo, cunha frecuencia de 60 m. pero empezando ás 7:00 h. en Valle-Inclán e ás 7:30 na Susana.
- Liña P6. Mantense o mesmo servizo de mañá e redúcese de tarde.
- Liña P7. Reducción do 50%, manténdoo en horas punta (mañá, mediodía e tarde)
- Liña P8. Reducción do 50%, manténdoo en horas punta (mañá, mediodía e tarde)
- Os **sábados laborables, e os domingos e festivos** mantense a estrutura actual de frecuencias e liñas en funcionamento en vigor desde o 31 de marzo, pero dando continuidade ás liñas que quedan sen servizo nas horas valle en horario de mañá. Ponse en servizo a liña 4, e modifícase a frecuencia da liña 1, pasando de 60 m. a 30 m.
- Apróbanse as distintas zonas e tipoloxías do sistema de aparcamento regulado (ORA) no concello con motivo do proceso de desescalada progresivo do Real Decreto 463/2020 do 14 de marzo, que declaraba o estado de alarma pola COVID19. Polo tanto, acórdase a **recuperación das prazas de estacionamento regulado correspondentes á zona xeral e de curta duración**, deixando o aparcamento libre nas zonas de longa duración (aparcamentos da Av.da Coruña, Avda. de Compostela, Avda. das Burgas, Avda. Novoa Santos, Avda. de Legaz Lacambra, Avda. das Ciencias, Avda. de Vigo, Avda. Jorge Etcheverri, Avda. Gómez Marzoa, aparcamento Pastor Horta e aparcamento da Avda. de Ferrol, -que se corresponden cos aparcamentos do Campus Sur, Pontedriña e Conxo-). En total, quedan libres de pago 993 prazas, das 1.771 existentes. A semana do 11 ao 17 de maio, será informativa, polo que non se aplicarán sancións.
- Acordouse publicar un bando de Alcaldía no que se regularán diferentes aspectos, entre eles a peonización de Xeneral Pardiñas, República do Salvador e Alfredo Brañas. Entrará en vigor ás 12:00 h. do mediodía do sábado 9 de maio, e durará ata as 24:00 h. do domingo 10 de maio. Durante este periodo non poderán circular vehículos, salvo aqueles que accedan e saian de garaxes ou aparcamentos públicos ou privados. Tamén se acordou, e publicárase no bando, que os peóns deben circular pola súa dereita.
- Acordouse reanudar o mercado hortofrutícola de Lusco e Fusco e manter a suspensión do mercado de Salgueiriños.
- Dase conta dos cambios nas distintas fases de desescalada en Servizos Sociais, a U MAD, Parques e xardíns e Viaqua.

3.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación do “Programa de Axudas a empresas para a reactivación económica Compostela Móvese 2020 COVID19.

Apróbanse as “Bases da convocatoria de axudas a empresas para a reactivación económica Compostela Móvese 2020 COVID19”, para autónomos e micropemes de menos de seis traballadoras/es de Santiago de Compostela, incluídas as empresas de hostalería.

A concesión das axudas previstas nesta convocatoria está dotada cun crédito inicial de 100.000 euros, aínda que se establece unha dotación adicional por importe máximo de ata 400.000 euros.

Consideraranse gastos subvencionables os seguintes:

- Xuros de préstamos (de entidades de crédito, entidades financeiras de crédito, entidades de diñeiro electrónico, ou entidades de pagos rexistradas e supervisadas polo Banco de España) concertados con posterioridade ao 14 de marzo de 2020 ata o 2 de novembro de 2020.
- Liquidacións das pólizas de crédito devindicadas e efectivamente pagadas entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 2 de novembro de 2020.

O importe da subvención será do 75% do orzamento de gastos co límite de 1.000 euros por persoa beneficiaria.

Poderanse beneficiar desta convocatoria as persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou sociedades civís, legalmente constituídas, que cumpran os seguintes requisitos:

- que a sede social, fiscal e de actividade se atope no concello de Santiago de Compostela
- que sexa unha microempresa, e ter menos de 6 traballadores no momento inmediatamente anterior á declaración do estado de alarma
- ser unha empresa afectada pola crise da COVID19, e que se atopen en algunha das seguintes circunstancias:
 - que fose obrigado a pechar en virtude do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma
 - que o establecemento sexa afectado por unha baixa na súa facturación superior ao 75% con relación ao promedio de facturación do semestre anterior, e que esta baixa sexa no mes anterior ao que se solicita a prestación por cese de actividade
 - que sexan microempresas que formularan un ERTE como consecuencia da COVID19.
- quedan excluído desta convocatoria o comercio polo miúdo, xa que dispón da súa propia liña de axudas.

Os requisitos deben cumprirse no momento da publicación desta convocatoria no BOP. A concesión desta axuda realizarase por orde de entrada da solicitude no rexistro, logo de comprobar que a persoa solicitante cumpre os requisitos establecidos e ata o esgotamento do crédito orzamentario.

Esta convocatoria ten como obxectivos específicos:

- minimizar o impacto da crise económica derivada da COVID19
- achegar recursos para atender as necesidades de liquidez das microempresas
- facilitar a súa recuperación económica
- contribuír ao mantemento da actividade económica e á protección do emprego

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles que se contarán desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOP.